

# PROGRAMACIÓN DE REPRESENTACIÓN E ACOMPANÑAMENTO DE PIANO

2025/2026



|                                                    |                                                                                                                                                                                        |
|----------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <b>CEMU</b> CENTRO DE MÚSICA MODERNA DE PONTEAREAS | CENTROS HOMOLOGADOS E AUTORIZADOS POLA:                                                                                                                                                |
| <b>CEDA</b> CENTRO DE DANZA DE PONTEAREAS          |  <b>XUNTA DE GALICIA</b>   CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL |

· calle gavián, 2 baixo · calle redondela 13, baixo  
PONTEAREAS - Telf: 618 186 137

**cdm@cdmgalicia.com · www.cdmgalicia.com**

CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas

|                                                                     |           |
|---------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>Introducción.....</b>                                            | <b>2</b>  |
| <b>Obxectivos das ensinanzas musicais .....</b>                     | <b>3</b>  |
| Obxectivos xerais                                                   |           |
| <b>Obxectivos específicos .....</b>                                 | <b>4</b>  |
| <b>Metodoloxía.....</b>                                             | <b>4</b>  |
| <b>Atención á diversidade.....</b>                                  | <b>4</b>  |
| <b>Temas transversais .....</b>                                     | <b>6</b>  |
| Educación en valores                                                |           |
| Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's) |           |
| <b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>     | <b>6</b>  |
| <b>Secuenciación por cursos .....</b>                               | <b>7</b>  |
| <b>Curso 4º G.P .....</b>                                           | <b>7</b>  |
| Obxectivos                                                          |           |
| Contidos                                                            |           |
| Avaliación                                                          |           |
| Medidas de recuperación                                             |           |
| Recursos didácticos                                                 |           |
| <b>Curso 5º G.P .....</b>                                           | <b>9</b>  |
| Obxectivos                                                          |           |
| Contidos                                                            |           |
| Avaliación                                                          |           |
| Medidas de recuperación                                             |           |
| Recursos didácticos                                                 |           |
| <b>Curso 6º G.P .....</b>                                           | <b>11</b> |
| Obxectivos                                                          |           |
| Contidos                                                            |           |
| Avaliación                                                          |           |
| Medidas de recuperación                                             |           |
| Recursos didácticos                                                 |           |

## Introducción

Esta Programación Didáctica de R.T.A. pretende formar aos alumnos de maneira gradual ó longo dos tres cursos dos que se compón a asignatura, dándolles unha base para conseguir un certo dominio de dita materia.

Neste documento inclúense os obxectivos, contidos, a metodoloxía, e como se evalúa aos alumnos para superar a asignatura.

## FUNDAMENTACIÓN LEGAL

A presente Programación didáctica baséase, en primeiro lugar na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidade proporcionar ó alumnado unha formación artística de calidade. Por iso, todos os departamentos constituíntes do centro deben mellorar os aspectos que, anteriormente, poideron desatenderse.

Dado que a LOE, concede total liberdade ás comunidades autónomas, a comunidade de Galicia desenvolveu os Decretos 198/2007, e 203/2007 do 27 de Setembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental e Profesional das ensinanzas de réxime especial de música. Este Decreto complementábase co Decreto 223/2010, do 30 de setembro, que establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais en Galicia e a orde do 4 de agosto de 2011 que desenvolve o citado decreto.

Por último, é necesario ter en conta a Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación pola que se dita instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

### Características do centro

O CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas crease no ano 1997, na rúa Redondela nº13 de Ponteareas (Pontevedra). Na actualidade está ubicado na rúa Gavilán nº2, cunhas instalacións que cumpren coa normativa requirida pola Xunta de Galicia para poder ser centro autorizado.

Ao longo destes anos, en CEMU, moitos alumnos prepararon satisfactoriamente as probas de acceso, tanto en música como en danza, para acceder ao ámbito superior. A maiores o centro ten un amplo calendario de actuacións para complementar a formación do alumnado que se realizan tanto dentro das instalacións como en concertos e festivais ao aire libre.

O centro ten unha capacidade pra acoller uns 180 alumnos de música e 80 de danza.

### Características do alumnado

Os alumnos de CEMU Centro de Música Moderna de Ponteareas proceden de toda Galicia, e as principais motivacións pra estudar en CEMU son:

- A calidade da ensinanza
- A preparación das probas de acceso ás ensinanzas superiores
- A leducia de aprender a tocar un instrumento, gozando das distintas agrupacións que propón o propio centro.

As expectativas de futuro do alumnado varían segundo o nivel en que se atopan, moitos queren adicarse á interpretación e á docencia.

No estudo individual do alumnado destaca o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema ás veces está a falta de tempo, especialmente nos últimos anos, debido á gran cantidade de horas que os alumnos pasan no seu centro de ensinanza obligatoria. É de

resaltar que as preferencias do alumnado no seu tempo de lecer sigan relacionadas coa música, tanto na asistencia a concertos como a escoita da música na propia casa.

As principais motivacións para o estudo neste Centro son:

- A obtención dun título que lles abra saídas profesionais, e que posibilite a continuidade de estudos no grao superior de música.
- A calidade da ensinanza.
- A ubicación do Centro.

As expectativas de futuro do alumnado do grao profesional manifesta as súas preferencias por dedicarse á docencia e á práctica instrumental (orquestra, banda, coro, cámara, solista, etc.), e continuar os seus estudos nun Conservatorio Superior de Música.

No estudo individual do alumnado resalta o esforzo, a análise do repertorio e a comprensión do mesmo. Como gran problema sobresa a falta de tempo, especialmente no grao profesional, debido á gran cantidade de horas que o alumnado pasa no seu centro de ensinanza obrigatoria. Outros problemas son a falta de organización, de constancia e concentración no estudo.

É de destacar que as preferencias do alumnado no seu tempo de lecer, sigan relacionadas coa música, debido á importancia que dan á asistencia a concertos ou á escoita da mesma na casa.

## **Obxectivos das ensinanzas**

### **Obxectivos xerais do Grao Profesional**

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuir a que o alumnado adquira as capacidades seguintes:

- Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elegida.
- Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as funcións e as transformacións nos contextos históricos.
- Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.
- Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable de conxunto.
- Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.
- Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.
- Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que compoñen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.
- Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordo coas esixencias das obras.

- Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.
- Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.
- Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e as épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.
- Actuar en público con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

### **Obxectivos específicos**

O ensino da repentización e acompañamento no grao profesional terá como obxectivo contribuir a desenvolver no alumnado as capacidades seguintes:

- Recoñecer a estrutura harmónica e o fraseo dunha obra ou fragmento segundo se toca á primeira vista ou despois dunha lectura rápida sen instrumento.
- Coñecer, como esquemas de pensamento, os elementos e procedementos harmónicos e fraseolóxicos básicos do sistema tonal.
- O acompañamento a unha melodía a partir dun baixo cifrado.
- Demostrar os reflexos necesarios para resolver, no momento, as posibles eventualidades que poidan xurdir na interpretación.
- Empregar a lectura á vista e a transposición como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
- Coñecer e utilizar o cifrado.

### **Metodoloxía**

Pola natureza propia de dita asignatura, as clases serán individuais e prácticas. Ó ser avaliación continua, cada clase consistirá en ler un exercicio a primeira vista, o seu transporte correspondente, e logo o alumno irá dando o resto da materia ata completar o programa de cada curso.

### **Atención á diversidade**

Faise necesario considerar a atención ao ANEE (alumnado con necesidades educativas específicas), que inclúe extranxeiros, superdotados e os que posúen necesidades educativas especiais, sexa por sufrir unha discapacidade física ou psíquica (sobre todo nas ensinanzas de réxime xeral).

#### **Alumnado estranxeiro**

Os dous problemas máis destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgúns zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental).

O principio de integración pasa por coidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país..).

No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurarase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

### Superdotación intelectual

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media.

O Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente, trata no seu artigo 9 os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveis para os alumnos superdotados intelectualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a redución destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumno.

Hai que distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no R.D 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é dicir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

### Alumnado con necesidades educativas especiais

A atención á diversidade chega ao seu máximo exponente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera na P.D. a existencia de alumnado con discapacidade intelectual, aínda que si con discapacidade física, pero se se dera ese caso tomaríanse as medidas oportunas para solventar ou adaptarse a ese problema, dependendo da discapacidade intelectual.

## **Temas transversais**

### Educación en valores

Con esta programación farase hincapé na educación en valores:

- Inculcar e fomentar o rechazo a calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, raza, clase social e ideoloxía e categoría profesional (Educación para a PAZ e Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos e prevención da violencia de xénero): nas clases colectivas, actividades como cantar, favorecen as relación entre o alumnado.
- Adquisición de hábitos da vida saudable e deportiva (Educación para a Saúde). A respiración , o coñecemento do corpo, as técnicas de relaxación, etc, permiten ao alumnado apreciar a importancia do coidado da saúde.
- Educación ambiental, respecto pola natureza e os seres vivos.
- Coñecemento das crenzas, actitudes e valores da nosa tradición e patrimonio cultural. A música en sí mesma é patrimonio cultural de todos os pobos. Nestas clases faremos hincapé na tradición propia como a estranxeira, valorando a riqueza da que dispoñemos para formarnos como persoas.

### Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC's)

No referido ásTecnoloxias da Información e da Comunicación (TIC) , a utilización dos medios informáticos supón un importante complemento para o traballo na aula, ampliando os recursos e procedementos. Tamén pódesele pedir aos discentes a busca de información, ou ben críticas de prensa, música de filmes, visita a páxinas web de música clásica, etc.

### **Actividades culturais e de promoción das ensinanzas**

O departamento didáctico dentro das disponibilidades do centro, organizará diferentes actividades, co fin de complementar a aprendizaxe da materia, e mediante a participación activa de todo o alumnado.

Ditas actividades consistirán en recitais, concursos temáticos, concertos didácticos, saídas a exposicións, concertos e diferentes actividades relacionadas coa música.

## **Secuenciación do curso**

### **Curso 4º G.P**

#### **Obxectivos**

- Analizar a estrutura armónica e formal da peza a transportar.
- Ler a primeira vista e transportar con certa soltura pequenos fragmentos de obras ou exercicios para tal fin.
- Tocar correctamente e con fluidez.
- Coñecer o cifrado americano, así como o movemento correcto das voces da armonía, e a súa realización no teclado.

#### **Contidos**

- Lectura a primeira vista de exercicios destinados a tal fin partindo dunha análise pervia.
- Demostrar os coñecementos teóricos da tonalidade, armadura, claves, movemento de voces, etc.
- Transportar partituras de piano a intervalos de 2ª e 3ª maiores e menores, ascendentes e descendentes.
- Executar no teclado baixos cifrados en estado fundamental, 1ª inversión, 2ª inversión, dominantes con séptima (coas súas inversións), 5ª diminuídas, e 7ª de sensible e diminuídas coas súas inversións.
- Lectura e execución no piano de temas do repertorio moderno.

#### **Avaliación**

O carácter da asignatura será de avaliación continua. Queda a criterio do profesor o nivel de execución dos exercicios a realizar polos alumnos para superar o curso.

#### **Criterios de avaliación**

Cada unidade didáctica será unha pequena proba a modo de examen na que o alumno deberá demostrar os seus coñecementos. Cando os obxectivos mínimos sexan superados, se considerará superada a asignatura.

Na medida na que o nivel de execución das diferentes probas executadas polo alumno sexa maior, a nota correspondente a cada proba será maior (sempre a criterio do profesor).

#### **Mínimos esixibles**

##### **1º TRIMESTRE:**

- 2 blues e 2 progresiones básicas.
- 1 exercicio por clase a primeira vista e transportado.

##### **2º TRIMESTRE:**

- 2 blues e 2 progresiones básicas.
- 1 exercicio por clase a primeira vista e transportado.



### 3º TRIMESTRE:

- 2 blues e 2 progresiones básicas.
- 1 exercicio por clase a primeira vista e transportado.

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

A avaliación será continua e diaria, tendo en conta os seus progresos en canto a coñecementos, habilidades, soltura, etc.

### **Criterios de cualificación**

Cada día o profesor rexistrará no seu diario un informe sobre o progreso do alumno, a súa actitude, o comportamento, a puntualidade e asistencia ás clases. Para superar a asignatura o alumno deberá demostrar o seu progreso de maneira global, e dicir, ten que cumprir os mínimos en cada apartado da asignatura (lectura, transporte), así como un comportamento axeitado.

### **Criterios para a concesión da ampliación de matrícula**

O alumno que desexe ampliar a matrícula terá que superar unha proba de RTA que consistirá en: lectura á 1ª vista dun exercicio ou fragmento dunha obra para piano de dificultade axeitada ao seu nivel, transportar dito exercicio, execución dun blues, e execución dunha progresión armónica.

### **Medidas de recuperación**

O alumno que suspenda un trimestre poderá recuperalo no seguinte, dando a materia que lle corresponda para alcanzar os obxectivos mínimos de ese trimestre. Cando supere a materia pendente daráselle por aprobado o trimestre.

### **Procedementos de recuperación ordinarios**

O alumno que perda o dereito a avaliación continua por non asistir ás clases ou ter acumuladas igual ou maior número de faltas ás que recolle o regulamento interior do centro, terá dereito a unha proba en Maio. Dita proba consistirá en superar cada un dos apartados da asignatura: lectura, transporte, baixos e corais, tendo presente os obxectivos e criterios de avaliación incluídos na programación.

### **Probas extraordinarias de recuperación**

O alumno que non superara a proba de Maio, por non alcanzar os obxectivos mínimos, terá dereito a outra similar en Xuño. Esta proba será a mesma para todos os alumnos que a realicen no mesmo curso.

### **Recursos didácticos**

- The real book
- outros

## **Curso 5º GP**

### **Obxectivos**

- Analizar a estrutura armónica e formal da peza a transportar.
- Ler a primeira vista e transportar con certa soltura pequenos fragmentos de obras ou exercicios para tal fin.
- Tocar correctamente e con fluidez.
- Coñecer o cifrado americano, así como o movemento correcto das voces da armonía, e a súa realización no teclado.

### **Contidos**

- Lectura a primeira vista de exercicios destinados a tal fin partindo dunha análise previa, e repaso do transporte do curso anterior.
- Transportar partituras de piano a intervalos de 2ª e 3ª maiores e menores, ascendentes e descendentes, y de 4ª xusta ascendentes e descendentes.
- Executar no teclado baixos cifrados en estado fundamental, 1ª inversión, 2ª inversión, dominantes con séptima (coas súas inversións), 5ª disminuidas, e 7ª de sensible e disminuídas coas súas inversións. Acordes de 9ª maior e menor.
- Redución de partituras de piano.
- Execución de acordes co cifrado americano.

### **Avaliación**

O carácter da asignatura será de avaliación continua. Queda a criterio do profesor o nivel de execución dos exercicios a realizar polos alumnos para superar o curso.

### **Criterios de avaliación**

Cada unidade didáctica será unha pequena proba a modo de examen na que o alumno deberá demostrar os seus coñecementos. Cando os obxectivos mínimos sexan superados, se considerará superada a asignatura.

Na medida na que o nivel de execución das diferentes probas executadas polo alumno sexa maior, a nota correspondente a cada proba será maior (sempre a criterio do profesor).

### **Mínimos esixibles**

#### **1º TRIMESTRE:**

- 2 standards e 2 progresions de acordes.
- 1 exercicio por clase a primeira vista e transportado.

#### **2º TRIMESTRE:**

- 2 standards e 2 progresions de acordes.
- 1 exercicio por clase a primeira vista e transportado.

### 3º TRIMESTRE:

- 2 standards e 2 progresions de acordes.
- 1 exercicio por clase a primeira vista e transportado.

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

A avaliación será continua e diaria, tendo en conta os seus progresos en canto a coñecementos, habilidades, soltura, etc.

### **Criterios de cualificación**

Cada día o profesor rexistrará no seu diario un informe sobre o progreso do alumno, a súa actitude, o comportamento, a puntualidade e asistencia ás clases. Para superar a asignatura o alumno deberá demostrar o seu progreso de maneira global, e dicir, ten que cumprir os mínimos en cada apartado da asignatura (lectura, transporte), así como un comportamento axeitado.

### **Criterios para a concesión da ampliación de matrícula**

O alumno que desexe ampliar a matrícula terá que superar unha proba de RTA que consistirá en: lectura á 1ª vista dun exercicio ou fragmento dunha obra para piano de dificultade axeitada ao seu nivel, transportar dito exercicio, execución dun blues, e execución dunha progresión armónica.

### **Medidas de recuperación**

O alumno que suspenda un trimestre poderá recuperalo no seguinte, dando a materia que lle corresponda para alcanzar os obxectivos mínimos de ese trimestre. Cando supere a materia pendente daráselle por aprobado o trimestre.

### **Procedementos de recuperación ordinarios**

O alumno que perdera o dereito a avaliación continua por non asistir ás clases ou ter acumuladas igual ou maior número de faltas ás que recolle o regulamento interior do centro, terá dereito a unha proba en Maio. Dita proba consistirá en superar cada un dos apartados da asignatura: lectura, transporte, baixos e corais, tendo presente os obxectivos e criterios de avaliación incluídos na programación.

### **Probas extraordinarias de recuperación**

O alumno que non superara a proba de Maio, por non alcanzar os obxectivos mínimos, terá dereito a outra similar en Xuño. Esta proba será a mesma para tódolos alumnos que a realicen no mesmo curso.

### **Recursos didácticos**

- The real book
- outros

## **Curso 6º GP**

### **Obxectivos**

- Tocar correctamente e con fluidez voceados a catro voces e cifrado rítmico.
- Reducir partituras de piano e executalas no teclado.
- Baixos cifrados: acordes coas súas inversións.
- Melodía acompañada con diferentes ritmos.
- Redución e execución no teclado de partituras de cuarteto, quinteto, etc.
- Redución e execución no teclado de partituras de orquestra.

### **Contidos**

- Executar no teclado baixos e voceados de acordes coas súas inversións.
- Melodía acompañada. Acompañar melodías con ritmos diferentes.
- Lectura e execución no piano de cifrado americano e cifrado rítmico.
- Redución de partituras de piano.
- Redución de partituras de cuarteto.
- Redución de partituras de orquestra.

### **Avaliación**

O carácter da asignatura será de avaliación continua. Queda a criterio do profesor o nivel de execución dos exercicios a realizar polos alumnos para superar o curso.

### **Criterios de avaliación**

Cada unidade didáctica será unha pequena proba a modo de examen na que o alumno deberá demostrar os seus coñecementos. Cando os obxectivos mínimos sexan superados, se considerará superada a asignatura.

Na medida na que o nivel de execución das diferentes probas executadas polo alumno sexa maior, a nota correspondente a cada proba será maior (sempre a criterio do profesor).

### **Mínimos esixibles**

#### **1º TRIMESTRE:**

- 2 standards e 2 progresions de acordes.
- 1 exercicio por clase a primeira vista e transportado.
- 1 exercicio de lectura rítmica e cifrado americano.

#### **2º TRIMESTRE:**

- 2 standards e 2 progresions de acordes.
- 1 exercicio por clase a primeira vista e transportado.
- 1 exercicio de lectura rítmica e cifrado americano.

### 3º TRIMESTRE:

- 2 standards e 2 progresions de acordes.
- 1 exercicio por clase a primeira vista e transportado.
- 1 ejercicio de lectura rítmica e cifrado americano.

### **Procedementos e ferramentas de avaliación**

A avaliación será continua e diaria, tendo en conta os seus progresos en canto a coñecementos, habilidades, soltura, etc.

### **Criterios de cualificación**

Cada día o profesor rexistrará no seu diario un informe sobre o progreso do alumno, a súa actitude, o comportamento, a puntualidade e asistencia ás clases. Para superar a asignatura o alumno deberá demostrar o seu progreso de maneira global, e dicir, ten que cumprir os mínimos en cada apartado da asignatura (lectura, transporte), así como un comportamento axeitado.

### **Medidas de recuperación**

O alumno que suspenda un trimestre poderá recuperalo no seguinte, dando a materia que lle corresponda para alcanzar os obxetivos mínimos de ese trimestre. Cando supere a materia pendente daráselle por aprobado o trimestre.

### **Procedementos de recuperación ordinarios**

O alumno que perda o dereito a avaliación continua por non asistir ás clases ou ter acumuladas igual ou maior número de faltas ás que recolle o regulamento interior do centro, terá dereito a unha proba en Maio. Dita proba consistirá en superar cada un dos apartados da asignatura: lectura, transporte, baixos e corais, tendo presente os obxectivos e criterios de avaliación incluídos na programación.

### **Probas extraordinarias de recuperación**

O alumno que non superara a proba de Maio, por non alcanzar os obxectivos mínimos, terá dereito a outra similar en Xuño. Esta proba será a mesma para todos os alumnos que a realicen no mesmo curso.

### **Recursos didácticos**

- The real book
- outros